

Templos xubilares Horarios de Misas e de Confesión

Catedral de Santa María de Tui

tfno: 986.60.05.11

www.catedraldetui.com

Laborables : 10 h.

Domingos: 13 h.

Confesiões: Sábados de 10 a 12 h

Concatedral de Santa María de Vigo

Tfno. 986.43.22.60

Laborables 10, 11, 12 e 20 h.

Domingos 10, 11, 12 13, 18,30 e 20 h.

Confesiões: Durante as celebracións

Santuario de María Auxiliadora (Vigo)

Tfno: 986.43.51.40

www.mariaauxiliadoravigo.es

Laborables: 8, 9, 12,30 e 19,45 h.

Domingos: 9, 10, 11, 12, 13 e 19,45 h.

Confesiões: Antes e durante as celebracións

Santuario de Nosa Sra. de Fátima (Vigo)

tfno: 986.27.35.58

www.fatimadevigo.es

Laborables: 9, 12, e 19 h

Domingos: 10, 11, 12, 13 e 19 h

Confesiões: Antes e durante as celebracións

Santuario da Nosa Sra da Franqueira (A Cañiza)

Tfno 986.69.79.68/ 609.47.25.91

www.afranqueira.org

Mércores e sábados 18 h.

Domingos: 11 e 17 h.

Confesiões: antes das celebracións

Parroquia de Santa María de Baiona

Tfno: 986.35.50.03/608.98.44.19

Laborables: 19 h.

Domingos: 10,30, 12,30 e 19 h.

Confesiões: Antes das celebracións

Oración para o Ano Xubilar

Señor Xesucristo,
ti ensináchesnos a ser misericordiosos como o Pai do ceo,
e dixéchesnos que quen te ve, tamén o ve a El.
Mústranos o teu rostro e obteremos a salvación.
A túa mirada chea de amor liberou a Zaqueo e a Mateo
da escravitude do diñeiro;
á adúltera e á Magdalena
de buscar a felicidade só nunha criatura;
fixo chorar a Pedro despois da traizón,
e asegurou o Paraíso ao ladrón arrepentido.

Fai que cada un de nós escoite como propia
a palabra que dixeches á samaritana:
iSe coñeceses o don de Deus!
Ti es o rostro visible do Pai invisible,
do Deus que manifesta a súa omnipotencia
sobre todo co perdón e a misericordia:
fai que, no mundo,
a Igrexa sexa o rostro visible de Ti,
o seu Señor, resucitado e glorioso.

Ti quixeches que tamén os teus ministros
fosen revestidos de debilidade
para que sintan sincera compaixón
polos que se atopan na ignorancia ou no erro:
fai que quen se achegue a un deles
se sinta esperado, amado e perdoado por Deus.

Manda o teu Espírito e conságranos a todos coa súa unción
para que o Xubileo da Misericordia sexa un ano de graza do Señor
e a túa Igrexa poida, con renovado entusiasmo,
levar a Boa Nova aos pobres,
proclamar a liberdade aos prisioneiros e oprimidos
e restituír a vista aos cegos.

Pedímoscho por intercesión de María, Nai da Misericordia,
a ti que vives e reinas co Pai e o Espírito Santo
por sempre eternamente. Amén.



Xubileo Extraordinario da Misericordia

2015



2016

Diocese
Tui-Vigo



Xesucristo é o rostro misericordioso do Pai.

Con estas palabras o Papa Francisco comeza a Bula de convocatoria do Xubileo Extraordinario da Misericordia.

Que é a misericordia?

1. *Fonte de ledicia, de serenidade e de paz.*
2. *Condición para a nosa salvación.*
3. *Revelación do misterio da Santísima Trindade.*
4. *O acto último e supremo polo que Deus ven ao noso encontro*
5. *A lei fundamental que habita no corazón de cada persoa cando mira con ollos sinceros ao irmán que atopa no camiño da vida.*
6. *É a vía que une a Deus e ao home, porque abre o corazón á esperanza de ser amados sen ter en conta o límite do noso pecado.*

(MV 2)

Hai momentos nos que dun xeito máis intenso estamos chamados a ter a ollada fixa na misericordia para podermos ser signo eficaz do obrar do Pai. É por iso que teño anunciado un Xubileo Extraordinario da Misericordia como tempo propicio para a Igrexa, para que faga máis forte e eficaz o testemuño dos crentes.

(MV3).

Cando e onde?

O ano xubilar ábrese o 8 de decembro de 2015, en Roma, Solemnidade da Inmaculada Concepción e 50 aniversario da Clausura do Concilio Vaticano II.

O Domingo 13 de decembro, na Catedral de Tui, abrirase para toda a Diocese.

Asemade son templos xubilares:

- a Concatedral de Santa María de Vigo;
- os Santuarios de María Auxiliadora e Fátima (en Vigo), e A Franqueira (na Cañiza);
- a parroquial de Baiona.

Neles celebrarase o inicio do Xubileo o Domingo 20 de decembro.

Clausurarase na Diocese o 13 de novembro do 2016 e en Roma o 20 de novembro, Solemnidade de Xesucristo Rei do Universo.

Como?

✓ A Peregrinación

“É imaxe do camiño que cada persoa realiza na súa existencia... atravesando a Porta Santa deixarémonos abrazar pola misericordia de Deus e nos comprometemos a ser misericordiosos cos demais como o Pai o é connosco.

(MV14).

✓ As obras de misericordia

“Será un modo de espertar a nosa conciencia e de entrar aínda máis no corazón do Evanxeo, onde os pobres son os privilexiados da misericordia divina“ (MV15).

✓ Coresma

“Debe ser vivida con maior intensidade, como momento forte para celebrar e experimentar a misericordia de Deus (MV17).

- **Meditar a Sagrada Escritura**
- **24 horas para o Señor** (4-5 de marzo 2016)
- **Sacramento da Reconciliación**
- **Misioneiros da Misericordia**
- **Misións nas dioceses**

✓ A indulxencia

“É experimentar a santidade da Igrexa que fai partícipe a todos dos beneficios da redención de Cristo, porque o perdón se estende ata as extremas consecuencias ás que chega o amor de Deus” (MV 22).

Signo diocesano

Durante o Xubileo as esmolos penitenciais e as das peregrinacións serán entregadas a institucións eclesiais que traballan nos campos de refuxiados.